

Declaración da Ribeira Sacra sobre Paisaxes Culturais da Auga

6-8 de novembro de 2023
Santo Estevo de Ribas de Sil
Ribeira Sacra (Galicia, España)



DECLARACIÓN DA RIBEIRA SACRA SOBRE PAISAXES CULTURAIS DA AUGA

ENCANTRO INTERNACIONAL DE EXPERTOS
waterScapes

PAISAXES DA AUGA:
UNINDO O PASADO CO FUTURO
Ribeira Sacra 6 – 8 de novembro de 2023


O grupo de expertos reunidos na Ribeira Sacra (Galicia, España).

Nós, os expertos reunidos no mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil con motivo do Encontro Internacional "Paisaxes da auga: unindo o pasado co futuro", irmandado co evento "Auga, Cultura e Patrimonio" celebrado en paralelo en Amsterdam (Países Baixos);

Agradecendo ás autoridades da Xunta de Galicia a súa cálida hospitalidade á hora de acoller e organizar o encontro, coa colaboración do Programa MaB (Home e Biosfera) da UNESCO, a Rede Global de Xeoparques, o Programa Hidrolóxico Intergubernamental (PHI) da UNESCO, o Comité Nacional Español do ICOMOS, o Comité Científico Internacional da Auga e do Patrimonio do ICOMOS (ISCWH), o Comité Científico Internacional das Paisaxes Culturais (ISCCCL-ICOMOS-IFLA), a Alianza das Paisaxes Culturais e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña, Autónoma de Madrid e Ca' Foscari de Venecia;

Recoñecendo que a auga foi e é un elemento que estrutura e configura as paisaxes dende as orixes, sendo protagonista dunha parte esencial do legado cultural da humanidade, e que forxou ao longo dos séculos unha extraordinaria variedade de paisaxes culturais, en particular en ámbitos fluviais, onde a obra humana se fundiu coa natureza, alumeando territorios únicos cicelados pola memoria e o presente da auga;

Afirmando que a cultura da auga nestes lugares se reflicte nun patrimonio excepcional que inclúe xacementos arqueolóxicos, obras hidráulicas de todas as épocas, cultivos e sistemas de rega ancestrais, arquitecturas vernáculas, sistemas de aproveitamento da auga, rutas fluviais, patrimonio industrial



hidráulico e outras expresións culturais intanxibles, tales como as prácticas tradicionais da xestión da auga, crenzas e usos rituais relacionados e que é imprescindible para o sustento das poboacións locais;

Convencidos da necesidade de preservar, difundir e poñer en valor este multifacético patrimonio, estratéxico nun contexto de crise climática, que alberga un inmenso repertorio de sistemas, coñecementos, estruturas e artiluxios que ao longo da historia permitiron aos humanos aproveitaren e dominaren este elemento vital para a súa supervivencia, con expresións identificables en forma de canles, *pólders*, *qanats*, *alfajs*, *chinampas*, norias, muíños hidráulicos, encoros, presas e centrais hidroeléctricas entre outros, que exemplifican algunhas das innumerables obras que ilustran a odisea humana da auga;


Tendo en conta a profunda interdependencia que existe entre o patrimonio cultural inmaterial ou patrimonio vivo e o patrimonio material cultural e natural asociado ás paisaxes culturais da auga;

Recoñecendo que as paisaxes da auga e algunhas das obras que albergan foron referentes simbólicos, espazos sagrados ou lugares cheos de espiritualidade ou beleza, cun significado moi especial para moitos pobos, asociándose con acontecementos excepcionais ou a tradicións vivas;

Sabedores, ao mesmo tempo, da fragilidade e vulnerabilidade destas paisaxes da auga e os seus hábitats, e as fortes ameazas ás que están sometidas, e da conseguinte necesidade de implantar iniciativas específicas de salvagarda e activación patrimonial;

Conscientes da necesidade de superar o enfoque imperante ata agora, que considera a xestión da auga, e o patrimonio cultural asociado, como ámbitos excluíntes, limitando a capacidade de aproveitar as experiencias e os activos do pasado para os desafíos actuais e futuros da xestión sostible da auga;

Convencidos da necesidade de adoptar un enfoque integrado e sostible no mantemento dos servizos ambientais dos ecosistemas acuáticos de auga doce, que inclúa a provisión de múltiples bens como a subministración de alimentos, a irrigación de cultivos, o abastecemento de auga potable, a regulación hídrica, o turismo, o transporte fluvial ou a xeración hidroeléctrica, actividade esta última que contribúe significativamente á redución de emisións e á mitigación do cambio climático;



Subliñando a necesidade de estimular a investigación científica e a formación en materia de protección, conservación e xestión das paisaxes culturais da auga e dos patrimonios hídricos que conteñen;

Conscientes de que as paisaxes culturais da auga son lugares útiles para probar solucións innovadoras para a xestión sostible da auga, incluíndo a preservación dos ecosistemas acuáticos e o recoñecemento do patrimonio cultural relacionado, abrindo o camiño para acadar o ODS 6 e contribuír ao ODS 13, ODS 14 e ODS 15;

Recoñecendo que a auga ten sido lugar de encontro e xénese das civilizacións e culturas, hoxe é máis prioritario que nunca reivindicar o patrimonio cultural da auga como unha das forzas motrices da cultura da paz entre os pobos do planeta;


Á luz das orientacións establecidas na Axenda de Acción pola Auga das Nacións Unidas (2023), a Convención sobre a Protección do Patrimonio mundial, cultural e natural de 1972, a Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial (2003), nos obxectivos do programa MAB da UNESCO, e no resto dos convencións, programas e acordos internacionais que inciden na preservación da biodiversidade acuática e das súas paisaxes, no papel dos sistemas fluviais no desenvolvemento sostible e no recoñecemento das culturas da auga;

E inspirados nos termos da Declaración sobre Auga, Cultura e Patrimonio dos participantes da conferencia "Auga e Patrimonio: Conectando Pasado, Presente e Futuro" en Nova York (2023).

FACEMOS AS SEGUINTE RECOMENDACIÓNS:

A todas as partes interesadas

1. **Promover** diálogos intersectoriais que conecten os profesionais da auga e do patrimonio, os científicos, os decisores, as administracións locais, os custodios tradicionais e outras organizacións interesadas a nivel local, nacional e internacional.
2. **Promover** a creación de foros de expertos para impulsar o recoñecemento do valor e da importancia das paisaxes culturais da auga, tendo sempre presentes ás persoas que habitan o territorio.

- 
3. **Apoiar** ás comunidades locais para que elas mesmas poñan en marcha mecanismos axeitados de xestión que solucionen as súas necesidades actuais respectando o seu patrimonio relacionado coa auga.
 4. **Incorporar** e recoñecer o patrimonio vivo relacionado coa auga nas políticas e programas de xestión da auga, conservándoo e poñéndoo en valor.
 5. **Desenvolver** unha axenda temática para a investigación sobre a importancia do patrimonio biocultural relacionado coa auga para abordar os retos de xestión futuros.
 6. **Promover** o interese por “aprender do pasado” e engadirlle valor ás intervencións futuras relacionadas coa xestión da auga.
 7. **Promover** reunións e contribucións científicas específicas sobre as áreas temáticas de interese común que contribúan a suplir os baleiros do coñecemento ecolóxico tradicional e actual sobre as paisaxes culturais da auga.
 8. **Identificar** casos de estudo e boas prácticas de xestión, incluíndo as de salvagarda do patrimonio inmaterial asociado á auga;
 9. **Apoiar** o lanzamento e consolidación da Plataforma “Auga, Cultura e Patrimonio” recomendada polos participantes na Conferencia das Nacións Unidas sobre a Auga en marzo de 2023, no evento “Auga e Patrimonio: Conectando o Pasado, o Presente e o futuro”, organizado polo Comité Científico Internacional da Auga de ICOMOS e outros colaboradores.

Á UNESCO


10. **Apuntalar** o papel dos sitios da UNESCO na preservación e posta en valor das paisaxes culturais da auga e o seu patrimonio asociado.
11. **Apoiar** os estados parte para que presenten novas candidaturas de paisaxes culturais da auga que contribúan a unha Lista do Patrimonio Mundial máis representativa, equilibrada e crible.



12. **Instar** o Programa MaB coa Rede Mundial de Reservas da Biosfera e a Rede Global de Xeoparques a identificar as paisaxes acuáticas da auga no seu seo, como lugares de especial interese para promover iniciativas innovadoras de desenvolvemento sostible dirixidas á xestión da auga e do patrimonio, comprometidas co clima e coa participación das comunidades locais.
13. **Fomentar** a inscrición de novos elementos significativos do patrimonio vivo da auga nas listas do Patrimonio Cultural Inmaterial e no Rexistro de Boas Prácticas de Salvagarda, dada a súa escasa representación.
14. **Instar** a UNESCO para que promova a investigación dentro do Programa Hidrolóxico Intergubernamental (PHI) sobre o significado de sitios patrimoniais de carácter natural ou cultural, incluíndo o seu significado para a mitigación e adaptación ao cambio climático.

Aos organismos asesores

15. **Promover** a creación dun grupo de traballo entre o ISCCL (Comité Científico Internacional de Paisaxes Culturais) e o Comité Científico Internacional da Auga e do Patrimonio do ICOMOS (ISCWH) sobre as paisaxes culturais da auga.
16. **Propoñer** ao Grupo Especialista en Valores Culturais e Espirituais das Áreas Protexidas da UICN (Unión Internacional de Conservación da Natureza) e ao Comité Científico Internacional do ICOMOS sobre Lugares de Relixión e Rituais (PRERICO) o lanzamento de iniciativas que aborden o patrimonio vivo da auga.
17. **Instar** o ICOMOS (Consello Internacional de Monumentos e Sitios) e a UICN (Unión Internacional para a Conservación da Natureza) a apoiar o desenvolvemento de estudos temáticos sobre as paisaxes culturais da auga e o patrimonio asociado a diferentes ámbitos rexionais.
18. **Formular** orientacións, incluídos estudos de caso e intercambio de experiencias e boas prácticas, sobre o emprego dun enfoque inclusivo e holístico para o recoñecemento, a gobernanza e xestión das paisaxes culturais da auga.

- 
19. **Promocionar** estudos temáticos, nacionais e locais no marco da “Plataforma Auga, Cultura e Patrimonio”, relacionados co patrimonio da auga e o seu significado, orientados especialmente á preservación de sistemas agrícolas aterrizados, paisaxes con muíños de auga e enerxía hidroeléctrica, canles en medio urbano e rural, sistemas de rega, modos de gobernanza, así como prácticas espirituais e visións relixiosas.
 20. **Instar** á “Plataforma Auga, Cultura e Patrimonio” a organizar debates nacionais e internacionais, así como conferencias sobre a auga en foros internacionais como o X Foro Mundial da Auga (Bali, Indonesia, 2024), os congresos da UICN, UNFCC COPs, as semanas rexionais da auga e os encontros de ICOMOS e TICCIH, tales como a conferencia xeral de ICOMOS en Malasia de 2025.

Á FAO

21. **Apoiar** exemplos de paisaxes culturais da auga no marco do programa dos “Sistemas Importantes do Patrimonio Agrícola Mundial” (SIPAM), considerados como sitios esteticamente impresionantes que combinan a biodiversidade agrícola con ecosistemas resilientes e un valioso patrimonio cultural, tendo en conta o significado patrimonial da cultura da auga entre os criterios de avaliación.

Aos gobernos e administracións públicas

22. **Identificar** e elaborar inventarios das paisaxes culturais da auga relevantes, incluíndo o patrimonio cultural relacionado, actualizados regularmente.
23. **Preparar** inventarios do patrimonio vivo asociado á cultura da auga presente en cada territorio e fomentar a súa actualización.
24. **Promover** o recoñecemento do valor e da importancia das paisaxes culturais da auga, especialmente nas contornas fluviais.
25. **Crear** un marco axeitado que facilite ás autoridades e comunidades locais actuar en beneficio do seu patrimonio hídrico e da súa xestión, seguindo as recomendacións suxeridas pola Estratexia Europea do Patrimonio para o Século XXI.